



## Os Puntos Limpos tres anos despois

Por  
VÍCTOR CAAMAÑO  
RIVAS

### ANO 2003

No Bugallo número 25, editado en maio do ano 2003, publicábase un artigo sobre os Puntos Limpos no Salnés, no cal tentábase reflectir a situación na que se encontraba esta cuestión naquel momento. No artigo comentábase que o Plan de Xestión de RSU (Residuos Sólidos Urbanos) de Galicia, contemplaba como unha das súas importantes actuacións a creación dos chamados Puntos Limpos como un obxectivo imprescindible para acadar, entre os anos 1999 e 2006, o selado e clausura dos vertedoiros incontrolados.

Ademais aclarábase que a construción do Punto Limpo dependía dunha actuación conxunta entre os Concellos, a Consellaría de Medio Ambiente e a Unión Europea, sendo esta última a que sufragaría a maior parte do custo de construcción da obra por medio dos Fondos de Cohesión (210.000 euros).

En resumen, o estado da situación no ano 2003 era o seguinte: os concellos de Sanxenxo, de Meaño e do Grove non tiñan aínda decidido o lugar onde se construirían os seus respectivos Puntos Limpos; o concello de Ribadumia xa adquirira un terreo en Leiro para ese fin e o de Cambados era o único cun Punto Limpo construído que aínda non estaba operativo, naquel momento, debido a certas carencias nas infraestruturas do Polígono Industrial onde se atopaba.

### ANO 2006

Tiñamos especial interese en coñecer o estado da situación, con respecto a este tema, no que se encontran os concellos do Salnés a finais deste ano 2006, xa que esta é a data fixada como límite para que todos aqueles de máis de 5000 habitantes tiveran o seu Punto Limpo en funcionamento. Con este obxectivo escribimos ós concellos pedindo información sobre os seus Puntos Limpos. Concretamente solicitamos se nos informase sobre o sistema de funcionamento e sobre a divulgación que deste novo servizo fixeron os diferentes concellos entre os seus cidadáns. A resposta a nosa solicitude de información poderíamos cualificala de desigual, polo que nos queda confirmado, unha vez máis, que a certos concellos lles costa utilizar o papel e o bolígrafo para responder ós seus cidadáns.

A partir da información recibida e das nosas propias indagacións, elaboramos o seguinte informe sobre o estado da situación na que se encontra o funcionamento dos Puntos Limpos no Salnés:

- **Ribadumia**

O Concello de Ribadumia ten aproximadamente 4500 habitantes, e aínda que non chega ós 5000 requeridos polo Plan de Xestión dos RSU, posúe desde hai dous anos un Punto Limpo en

funcionamento situado na Parroquia de Leiro, no Lugar de Regueira, xusto ó lado do campo de fútbol de Leiro.

Inicialmente abriu ó público os mércores e os sábados; agora só o fai os sábados en horario de mañá (9:00 a 13:00 horas) e tarde (16:00 a 19:00 horas). Para a recollida dos residuos voluminosos, os veciños deben avisar ó Concello por teléfono (986 718491). Para divulgar entre os cidadáns este novo servizo, inicialmente utilizouse un folleto da Consellaría de Medio Ambiente que versaba sobre esta temática en xeral. Hoxe en día os veciños de Ribadumia adoitan levar os residuos da poda, os plásticos de invernadoiro, os entullos ou os aceites usados ó seu Punto Limpo.

#### • Cambados

O Concello de Cambados foi o primeiro en ter construído o seu Punto Limpo. Encóntrase no Polígono Industrial de Sete Pías e non é doado dar con el. Abre os luns, mércores e sábados en horario de 9:00 a 13:00 horas e de 15:30 a 19:30 horas. Os veciños que necesiten desfacerse de residuos voluminosos, deben chamar previamente ó Concello para que os martes ou os xoves, empregados deste servizo pasen a recoller os residuos polas súas vivendas.

#### • Meaño

O Punto Limpo de Meaño entrou en funcionamento o 1 de outubro do ano 2005. Está situado na ÁREA RECREATIVA "A Toxa", no Lugar de Trubisquido, e abre os martes e os sábados de 9:00 a 14:00 horas. Non posuimos datos sobre a forma en que o concello tentou divulgar este servizo de eliminación de residuos entre os veciños.

#### • Sanxenxo



O Punto Limpo de Sanxenxo conta só cunhas semanas de funcionamento. Os horarios de atención ó público están áinda en período de proba para tentar axustalos, o mellor posible, á demanda dos veciños. Actualmente abre os martes a venres, mañá (10:00 a 14:00 horas) e tarde (17:00 a 20:30), e o sábado pola mañá (9:00 a 14:30 horas). O Concello segue mantendo a recollida de voluminosos a domicilio, para o que cómpre chamar previamente e concretar cita no teléfono 986 408034.

Na actualidade estase a poñer en marcha un plan de información sobre a existencia e funcionamento do Punto Limpo (teléfono de información: 986 744909). Os domingos de outubro e novembro estase a poñer unha mesa informativa nas parroquias do concello, nas que se fan enquisas ós veciños, se lles pasan folletos informativos e se lles agasalla cuns panos de cociña que levan impresos os teléfonos de información. Nos meses de

novembro e decembro faranse unha serie de obradoiros nas escolas para tratar de divulgar entre os máis pequenos os valores que os Puntos Limpos aportan á eliminación dos residuos.

#### • O Grove

O Punto Limpo do Grove encóntrase na estrada que sube ó Monte Siradella e entrou en funcionamento este último ano. O Concello facilitounos o Regulamento de Explotación, que inclúe sancións, taxas a industrias que utilicen esta instalación e unha gran cantidade de información administrativa pormenorizada de pouco interese para os cidadáns, excepto que o Punto Limpo abre de luns a venres pola tarde (18:00 a 20:00 horas) e os sábados pola mañá (10:00 a 14:00 horas) e pola tarde (16:00 a 20:00 horas). Ademais, chamando previamente, persoal do concello recolle a domicilio os residuos voluminosos, para o cal elaboraron un folleto explicando o procedemento a seguir nestes casos. Non temos noticia de que se fixera outro tipo de campaña para a divulgación deste servizo entre os veciños, se exceptuamos algúns notícias nos xornais.



#### CONCLUSIÓN

A conclusión do estado da situación dos Puntos Limpos no Salnés tería unha dobre lectura. Por unha banda e como parte positiva, pode afirmarse que todos os concellos posúen o seu Punto Limpo en funcionamento. Por outra banda cabe salientar que o esforzo na divulgación deste novo servizo entre os cidadáns foi míntimo. Polo tanto debe mellorarse a sinalización destas instalacións para que sexa máis doado localizalas, así como facilitarlle ós veciños a información axeitada para que coñezan as vantaxes que supón utilizar o Punto Limpo á hora de eliminar determinados residuos.